



CONVOCATORIA DO PLAN PROPIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DE AXUDAS PARA O ESTUDANTADO EN SITUACIÓNS DE DIFICULTADES ECONÓMICAS PARA O CURSO 2025/26

A Universidade da Coruña (UDC) fai pública esta convocatoria de axudas destinadas ao estudantado matriculado no curso 2025/26 na UDC co ánimo de contribuír a paliar as dificultades económicas que lle impidan continuar os estudos conducentes á obtención dun título universitario oficial de grao ou máster.

A finalidade desta convocatoria é a de sufragar os prezos públicos da matrícula.

A dotación total destas axudas será de cincuenta mil euros (50.000,00 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 030A 422D 480.01 do orzamento da UDC de 2026, condicionada a existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento para o exercicio 2026.

Artigo 1. SOLICITANTES

Poderá solicitar esta bolsa o estudantado matriculado nun centro propio da UDC en estudos oficiais de grao ou máster, que manteña a matrícula durante todo o curso 2025/26 e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar nunha situación de dificultade económica debidamente acreditada que impida ao estudante a continuación dos seus estudos.

Entenderase que o alumnado está nunha situación de dificultade económica cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que os sustentadores principais estean en situación de desemprego, con ou sen prestación, ou outras circunstancias que supoñan unha redución importante dos seus ingresos
 - Que os ingresos da unidade familiar procedan de rendas de inclusión, subsidios ou outros
 - Falecemento dalgún dos proxenitores ou sustentadores principais da unidade familiar
 - Problemas de saúde do pai, nai, ou sustentadores principais que limiten ou dificulten a súa inserción no mundo laboral ou doutros membros da unidade familiar que supoñan gastos adicionais
 - Fogares monoparentais nos que se incumpra a pensión alimenticia
 - Outras situacións que poidan condicionar a situación persoal e socioeconómica da unidade familiar do alumnado, que serán valoradas pola comisión.
- b) Non dispor doutras axudas públicas ou privadas destinadas a esta mesma finalidade ou non cumprir os requisitos para obtelas.
 - c) Non dispor da bonificación equivalente ao 99% do prezo dos créditos superados no curso 24/25, establecida pola Xunta de Galicia.

- d) Non dispor dunha titulación de igual ou superior nivel á que está cursando e para a que se solicita a axuda.
- e) Non superar os limiares de renda familiar establecidos no RD 163/2025, do 5 de marzo de 2025, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar para o curso 2025/26.

Artigo 2. CONTÍA DAS AXUDAS E EXENCIÓN DO PAGAMENTO

- 2.1. A contía da axuda ten a finalidade de sufragar os prezos públicos da matrícula, non podendo superar os mil euros (1.000,00 €), agás casos excepcionais debidamente motivados aprobados pola Comisión.
- 2.2. Os créditos ou materias obxecto da axuda serán aqueles nos que o alumnado estea matriculado a 23/02/2026.

Para o cálculo do importe da axuda que lle corresponde a cada solicitante teranse en conta as seguintes normas:

- A axuda só sufragará os créditos ou materias de primeira e segunda matrícula, no caso de estudos de grao, e só os de primeira matrícula nos estudos de máster. Non se incluírán os recoñecementos de créditos ou materias.
- A axuda calcularase unha vez realizadas as exencións e bonificacións do pagamento dos prezos públicos aos que teñan dereito as persoas beneficiarias na súa matrícula.
- O importe do crédito/materia será o establecido no Decreto 55/2025, do 30 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2025/26.

- 2.3. Para estar en condicións de que se lle adxudique a axuda, a persoa beneficiaria non poderá incorrer en ningunha das causas previstas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

A xustificación de non incorrer nas prohibicións sinaladas realizarase mediante o modelo de solicitude. Non obstante, dada a natureza destas axudas, non será esixible para ter a condición de beneficiario, que concorran as circunstancias previstas no artigo 13.2 e) da Lei 38/2003 do 17 de novembro.

- 2.4. O pagamento destas axudas farase mediante a exención correspondente na matrícula do alumnado.

Artigo 3. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas serán incompatibles con calquera outro beneficio da mesma natureza e finalidade (sufragar os prezos públicos da matrícula).

Ningún estudante poderá percibir máis dunha axuda, aínda que realice simultaneamente varios estudos.

Artigo 4. PROCEDEMENTO, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

4.1. Procedemento e lugar de presentación

O procedemento desta convocatoria será integramente telemático.

As solicitudes tramitaranse a través do formulario ao que se accede na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/sape/bolsas_axudas_premios/axudas_dificultades_economicas/

Admitirase unha única solicitude por persoa.

4.2. Prazo

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o seguinte día hábil ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) ata as 23:59 horas do **02.03.2026**.

Artigo 5. DOCUMENTACIÓN

O/A solicitante deberá cumprimentar o formulario e achegar os documentos xustificativos que acrediten a situación de dificultade económica, que lle impida seguir cos seus estudos universitarios, sen prexuízo de que a Comisión de Valoración poida requirirille outra documentación complementaria.

5.1. Documentación xeral

- a) Copia do documento de identificación DNI/NIE da persoa solicitante. Non será válida a presentación do pasaporte.
- b) Certificado de empadramento do concello en que figuren todos os membros computables da unidade familiar.
- c) Un breve escrito dirixido á Comisión de Valoración explicando unicamente a situación económica da súa unidade familiar.
- d) Anexo I asinado por todos os membros da unidade familiar.

5.2.- Documentación económica

- a) Copia completa da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) referida ao exercicio 2024 dos membros computables que constitúan a unidade familiar a que pertence a persoa solicitante, con acreditación da súa presentación.
- b) No caso de que a unidade familiar non teña a obriga de presentar a declaración da renda deberá achegarse, segundo sexa o caso, a seguinte documentación:

- Certificado de imputación da renda expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) correspondente ao exercicio 2024 dos membros que constitúen a unidade familiar a que pertence a persoa solicitante.
 - Certificado de prestacións e subsidios de desemprego percibidos durante o ano 2024, expedidos polo Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE).
 - Xustificantes de ingresos de 2024 exentos do IRPF (RISGA, pensión de orfandade, pensión de discapacidade...).
 - Documentación acreditativa dos ingresos percibidos no estranxeiro polos membros da unidade familiar no ano 2024.
 - No caso dos pensionistas, copia do xustificante anual das pensións.
- c) No caso de que se produza un cambio substancial da situación económica no 2025 con respecto ao 2024, deberá presentar documentación relativa aos ingresos do 2025.

Artigo 6. AUTORIZACIÓN POR PARTE DAS PERSOAS SOLICITANTES

A presentación da solicitude implicará a autorización a Universidade da Coruña para obter directamente da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información correspondente relativa ao imposto da renda das persoas físicas, do ano 2024, precisa para a resolución da convocatoria.

Tamén implicará a autorización para obter directamente da Dirección Xeral do Catastro (Ministerio de Facenda e Función Pública), información sobre o patrimonio da unidade familiar.

Así mesmo a UDC queda autorizada para comprobar aquelas outras situacións acreditativas das situacións persoais alegadas que consten en poder dalgunha administración pública.

Para iso é imprescindible que o Anexo I estea asinado pola persoa solicitante e por todos os membros computables da familia.

Artigo 7. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN DAS AXUDAS

A valoración das solicitudes realizarase pola Comisión de Valoración, quen propondrá a adxudicación das axudas tendo en conta a situación de dificultade económica, a falta de recursos debidamente acreditados e a existencia de orzamento destinado á presente convocatoria.

Na adxudicación das axudas terase en conta o número de veces que se recibiu esta axuda, priorizando as do alumnado que as soliciten por primeira vez. Igualmente priorizaranse as solicitudes do alumnado que non teña ningunha titulación universitaria sobre as do alumnado que si a teña. Tamén se valorará o rendemento académico.

Artigo 8. COMISIÓN DE VALORACIÓN

8.1. Composición

A Comisión de Valoración encargada de valorar as solicitudes, estará composta polas seguintes persoas:

- Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade
- Secretaria: María Dolores Fernández Vázquez, xefa da Sección de Bolsas
- Vogais:
 - María Belén Vidal Seoane, xefa do Negociado III do Servizo de Estudantes
 - Fernando Martínez Abella, profesor da E.T.S. de Enx. Camiños, Canais e Portos, representante do PDI
 - María Eugenia Amado Vázquez, profesora da Facultade de Fisioterapia, representante do PDI
 - Susana Iglesias Antelo, profesora da Facultade de Economía, representante do PDI
 - Jesús Cendán Verdes, profesor da Facultade de Informática, representante do PDI
 - Irene Rodríguez Ríos, representante do alumnado pertencente á Comisión de Selección de Bolseiros do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

8.2. Interpretación

A Comisión está facultada para interpretar todas aquelas circunstancias que concorran nas solicitudes e non queden reflectidas nesta convocatoria.

As dúbidas relacionadas con esta convocatoria poden ser consultadas a través do enderezo electrónico bolsas@udc.gal indicando no asunto “Dificultades económicas”.

Artigo 9. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Unha vez avaliadas as solicitudes pola Comisión de Valoración e realizada a proposta de adxudicación, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) a listaxe provisional das solicitudes admitidas e denegadas, coa causa de denegación.

As persoas coa solicitude denegada disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe para presentar reclamación e/ou achegar documentación.

Examinadas as reclamacións/documentacións presentadas, publicarase no TEO a listaxe definitiva das solicitudes admitidas, denegadas coa causa de denegación, e a listaxe de agarda, se a houber.

Artigo 10. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A solicitude dunha axuda de dificultades económicas, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na LOPD.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <https://sede.udc.gal/> no apartado Outros trámites
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza, 9, 15001, A Coruña, ben ao correo electrónico rpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ben ao correo

electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

No lugar e data da sinatura dixital.

O reitor,

Ricardo Cao Abad

ANEXO I

CONVOCATORIA: AXUDAS DIFICULTADES ECONÓMICAS

CURSO: 2025 - 2026

NOME E APELIDOS:

NIF SOLICITANTE:

DATA:

SINATURAS DO SOLICITANTE E DOS MEMBROS COMPUTABLES DA
UNIDADE FAMILIAR:

APELIDOS E NOME	NIF/NIE	PARENTESCO	SINATURA
		SOLICITANTE	

As persoas que asinan declaran baixo a súa responsabilidade que aceptan as bases da convocatoria, que cumpren os requisitos esixidos así como o seu mantemento durante o tempo indicado, incluído o de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e que se atopan ao corrente das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, asumindo o compromiso de comunicar calquera variación que se produza no contido da presente declaración respecto das citadas prohibicións e obrigas conforme ao determinado no apartado 2.3 da convocatoria.

Autorizan á Universidade da Coruña a obter, a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda e patrimonio familiar para os efectos da axuda.